

PROXECTO EDUCATIVO

IES de Quiroga



ÍNDICE

1. CONTEXTO.....	3
1.1. DATOS DO CENTRO.....	3
1.2. CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO.....	3
1.2.1. Socio-cultural.....	3
1.2.2. Económico.....	4
1.2.3. Lingüístico.....	4
1.3. TIPOS DE FAMILIAS.....	4
1.4. ALUMNADO.....	5
1.5. RELACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓNS.....	5
1.6. VALORES E PRINCIPIOS PRIORITARIOS.....	5
1.7. OBXECTIVOS PRIORITARIOS.....	6
1.8. MEDIDAS PRIORITARIAS.....	7
1.9. CARACTERÍSTICAS SINGULARES.....	7
1.9.1. Oferta.....	7
1.9.2. Especialización curricular.....	7
1.9.3. Servizos.....	7
2. ASPECTOS XERAIS.....	8
2.1. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA AO CONTEXTO DO CENTRO.....	8
2.1.1. Educación secundaria obrigatoria.....	8
2.1.2. Bacharelato.....	9
2.2. DECISIÓNS XERAIS SOBRE METODOLOXÍA.....	11
2.3. CONTRIBUCIÓN DAS DISTINTAS ETAPAS ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS.....	12
2.4. CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN.....	14
2.4.1. ESO.....	14
2.4.1.1. AVALIACIÓN.....	14
2.4.1.2. PROMOCIÓN.....	14
2.4.1.3. TITULACIÓN.....	15
2.4.1.4. ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES.....	15
2.4.1.5. ALUMNADO REPETIDOR.....	15
2.4.2. BACHARELATO.....	15
2.4.2.1. AVALIACIÓN.....	15
2.4.2.2. PROMOCIÓN.....	16
2.4.2.3. TITULACIÓN.....	16
2.4.2.4. ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES.....	16
2.5. TRATAMENTO DOS VALORES TRANSVERSAIS E EDUCACIÓN EN VALORES.....	17
2.6. LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	18
2.6.1. Aspectos xerais.....	18
2.6.2. Actuacións.....	19
2.6.3. Medidas ordinarias.....	19
2.6.4. Medidas extraordinarias.....	19
2.7. ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS NAS MATERIAS DE CONTINUIDADE EN BACHARELATO.....	20
2.8. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA MATRICULA DE HONRA.....	20
2.8.1. ESO.....	20
2.8.2. Bacharelato.....	21

2.9. ASPECTOS XERAIS DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.....	21
2.9.1. Elaboración.....	21
2.9.2. Elementos.....	22
2.10. PLANS.....	22
3. ORGANIZACIÓN.....	23
4. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DO CENTRO.....	23
4.1. Órganos de goberno.....	23
4.1.1. Órganos unipersoais.....	23
4.1.2. Órganos colexiados.....	24
4.2. Organización do profesorado.....	24
4.3. Organización do alumnado.....	25
4.4. Comisións mixtas.....	26
4.5. Organización do persoal non docente.....	27
4.5.1. Funcións do persoal subalterno.....	27
4.5.2. Funcións do persoal de limpeza.....	28
4.5.3. Funcións do persoal administrativo.....	28
4.6. Asociacións de nais e pais do alumnado.....	28

1. CONTEXTO

1.1. DATOS DO CENTRO

Nome:	IES de Quiroga Código do centro: 27015189 CIF: Q7755255B
Localización:	Provincia: <i>Lugo</i> Enderezo: <i>Pereiro s/n</i> Código Postal: 27320
Comunicación:	Teléfono: 982828274 Fax: 982828281 Páxina web: http://www.edu.xunta.es/centros/iesdequiroga Dirección de correo electrónico: ies.quiroga@edu.xunta.es

1.2. CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO

O IES de Quiroga é o único instituto situado na comarca de Quiroga (inda que tamén hai un CPI no Courel), o que fai que os institutos máis próximos estean a 25 ou 30 kms nas distintas direccións. Esta comarca, pertencente o sur de Lugo, ten como rasgo distintivo estar en medio dunha zona montañosa que ten como eixo fundamental de comunicación co exterior o río Sil, e, a carón del, a nacional N-120 e a vía férrea. O instituto sitúase na vila de Quiroga pola que pasan os eixos de comunicación e que está encravada no Val de Quiroga, cara o sur da bisbarra, e moi preto da vila de San Clodio, o outro núcleo de poboación salientable da bisbarra.

1.2.1. Socio-cultural

Vila da montaña lucense na que a poboación está en franco retroceso tendo na actualidade 3.169 habitantes e cun franco envellecemento da mesma sobre todo nos núcleos rurais. Debido a isto e a que as oportunidades económicas, como veremos, están vencelladas a actividades que non precisan estudos, os mozos con estudos tenden a emigrar.

A porcentaxe de familias desestruturadas é relevante por ser un pouco máis elevada que a media galega, e tamén é relevante a cantidade de alumnado de etnia xitana sen chegar a ser ningunha das dúas cousas determinante.

Dada a súa situación nunha arteria de comunicación viaria (N-120) e ferroviaria (ferrocarril Monforte de Lemos – Ponferrada) hai unha pequena porcentaxe de alumnado inmigrante e/ou de residencia temporal.

1.2.2. Económico

Pola súa situación é esta unha zona rural de montaña na súa meirande parte que sofre o despoboamento típico destas zonas, cada vez máis acusado.

A presenza de industrias louseiras produciu no seu momento un certo tipo de riqueza que levou a certo abandono da economía agraria e que despois, non podendo manterse ó mesmo nivel todo o tempo, creou unha certa crise á que podería adxudicárselle a existencia de moitas familias desestruturadas.

Ultimamente, a produción agraria está sendo posta en valor de novo.

Hai unha presenza de poboación de etnia xitana destacable.

Sendo o único instituto da comarca, é o instituto para todos e non se observan nel comportamentos elitistas.

1.2.3. Lingüístico

A maioría do alumnado non se declara galegofalante aínda que si o sexa o seu ámbito familiar. Séntese cómoda en calquera das dúas linguas xa que declara ter adquirido a outra lingua antes dos catro anos e indican en maior proporción que a adquiriron na escola. Os usos que fan dela coa familia, coa veciñanza e coa escola correspóndese co sentimento de cal é a súa primeira lingua. No uso cos amigos/as hai unha tendencia a usar o castelán antes que o galego. Na maior parte dos casos ningunha das linguas lles é allea e cando queren fálanas sen ningún tipo de problemas.

Dado que área circundante ao centro, a comarca de Quiroga, é maioritariamente de galegofalantes, asistimos á diferenciación de usos propia da diglosia, a unha deterioración do galego oral e a unha perda de falantes asociada ao proceso de urbanización e despoboamento do rural. Para frear este retroceso cumpriría, ademais dos esforzos realizados no centro, que claramente axudan a soste a situación, a implicación das familias para melloralas.

1.3. TIPOS DE FAMILIAS

A maioría de familias responden ás seguintes características:

- a) Familias nucleares nas que un matrimonio convive cos seus fillos, entre un e dous.
- b) Un número cada vez maior de familias monoparentais ou de pais separados como consecuencia tanto dunha decisión persoal como froito da evolución social dos últimos anos.
- c) Familias de etnia xitana que presentan pouca implicación e interese polo éxito académico dos seus fillos.

1.4. ALUMNADO

O alumnado é moi heteroxéneo dado que somos o único IES da comarca. Isto e a presenza dunha relevante poboación de etnia xitana fan que a diversidade socio-cultural do alumnado sexa moi ampla. Sen embargo, ó longo de todos estes anos esta diversidade nunca foi un factor que crease conflitos, entre outras cousas, porque xa conviven nos CEIP con esta situación e os alumnos/as vívena con normalidade.

1.5. RELACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓNS

Dado que somos o centro de referencia da comarca para a ESO (xunto co CPI do Courel) e para o bacharelato (en solitario), as relacións cos concellos son necesarias e boas, especialmente co de Quiroga por ser onde está situado o instituto. Tamén, desde que a comarca foi declarada xeoparque, temos relación con esta entidade. Participamos nas actividades da Deputación e das institucións que se ocupan tanto da montaña do Courel como da Ribeira Sacra.

As relacións cos CEIP de Quiroga e CEIP de San Clodio son boas e continuas e existe unha comunicación permanente entre os orientadores. Ademais, para o servizo de comedor usamos o CEIP de Quiroga e compartimos a infraestrutura de transportes con ambos colexios. Co CPI Poeta Uxío Novoneyra de Folgoso tamén mantemos contacto e compartimos profesorado.

Así mesmo, temos unha ANPA que ten certa actividade, inda que podería ser máis.

1.6. VALORES E PRINCIPIOS PRIORITARIOS

O centro aposta por potenciar algúns dos valores e principios recollidos na Constitución Española:

- a) A Liberdade individual e colectiva dentro dun marco de legalidade democrática
- b) A Solidariedade e a Inclusividade para lograr un entorno acolledor para tódolos membros da comunidade educativa
- c) A Tolerancia e o Respetto á diversidade apostando pola pluralidade lingüística, relixiosa e cultural
- d) A Igualdade de sexos
- e) O Respetto polo patrimonio natural e histórico-cultural

1.7. OBXECTIVOS PRIORITARIOS

O obxectivo fundamental será a educación entendida como un proceso de maduración humana, que estimule o interese polo estudio e o espírito de superación, e que fomente a realización individual intelectual e laboral do alumnado favorecendo a súa integración social.

- a) A dignidade da persoa, os seus dereitos individuais, o libre desenvolvemento da personalidade e o respecto ós demais serán o fundamento da convivencia do centro.
- b) Orientada polos principios constitucionais e de conformidade ás leis vixentes, a actividade educativa terá os seguintes fins:
- c) Desenvolvemento pleno da personalidade do/a alumno/a.
- d) Formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.
- e) Capacitar aos alumnos e ás alumnas para que se comuniquen correctamente nas dúas linguas cooficiais da comunidade galega, e polo menos nunha lingua da Unión Europea.
- f) Adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, e de exercicio físico e deporte, como hábitos de vida saudables, así como de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, estimulando o pensamento creativo como estratexia de solución de problemas.
- g) Orientación académica e capacitación para o exercicio de actividades profesionais fomentando a utilización das novas tecnoloxías da información e da comunicación como medio para a optimización e rendemento no propio posto de traballo.
- h) Preparación para participar na vida social e cultural.
- i) Formación para a paz, a cooperación e a solidariedade entre persoas e pobos.
- j) A conexión do/a alumno/a coa realidade do seu contorno.
- k) Desenvolvemento da responsabilidade individual e do esforzo persoal, así como a capacidade de regular o aprendizaxe do alumnado, aumentando a súa autoestima, e potenciando as iniciativas persoais.
- l) A creación dun ambiente de convivencia que facilite a todos os membros da comunidade educativa, a consecución da súa propia felicidade persoal.
- m) Formación na non discriminación entre homes e mulleres e recoñecemento da igualdade de dereitos e oportunidades entre eles.

1.8. MEDIDAS PRIORITARIAS

- a) Afondar nas medidas de sensibilización, preventivas, organizativas e curriculares para favorecer a convivencia a través de:
- ♦ Traballar na mediación
 - ♦ Planificar a acción tutorial
 - ♦ Ofertar charlas, cursos e talleres
- b) Organizar diversas medidas de atención á diversidade:
- ♦ Especificar nas programacións as medidas para o alumnado repetidor e/ou con materias pendentes
 - ♦ Solicitar programas de reforzo das competencias básicas con profesorado específico e impulsar unha Adecuar cada ano a oferta de optativas mediante unha enquisa previa
 - ♦ Atención preferente ó alumnado con NEE ou NEAE
- c) Conseguir unha completa dixitalización e acceso a internet en todo o instituto.
- d) Diseñar actividades complementarias e de participación que supoñan un enriquecemento tanto a nivel académico como na educación en valores transversais.

1.9. CARACTERÍSTICAS SINGULARES

1.9.1. Oferta

- ♦ ESO
- ♦ Bacharelato

1.9.2. Especialización curricular

Sendo o único IES da bisbarra non cabe unha especialización curricular senón, máis ben, un intento de ofrecer un servizo cunha vocación xeral. Por iso procurárase:

- ♦ Ofertar tódalas modalidades de bacharelato agás o artístico
- ♦ Especial atención ó alumnado con NEE, dado que somos o único IES da bisbarra
- ♦ Atención ó alumnado con NEAE facendo uso dos agrupamentos e apoios dentro de aula que se poidan levar a cabo

1.9.3. Servizos

- ♦ Comedor, o luns a mediodía, no CEIP de Quiroga. Este servizo está pensado para o alumnado que non teña tempo material para ir e vir á súa casa na pausa do mediodía.
- ♦ Transporte

2. ASPECTOS XERAIS

2.1. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA AO CONTEXTO DO CENTRO.

2.1.1. Educación secundaria obrigatoria

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Usar a mediación e o diálogo como vía para a resolución de conflitos de modo que haxa un bo clima de traballo e convivencia
- c) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- d) Fomentar o traballo colaborativo, facilitar o acceso dixital ós contidos e tarefas, e valorar o traballo dentro e fora da aula nos procesos de avaliación
- e) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres. Traballar activamente na visibilidade de tódolos sexos.
- f) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- g) Favorecer o desenvolvemento integral da personalidade nun entorno harmonioso.
- h) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e utilización.
- i) Procurar metodoloxías que favorezan o razoamento individual e a busca da información e o coñecemento
- j) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- k) Intentar traballar as materias procurando unha visión interdisciplinar e utilitaria das mesmas

- l) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- m) Animar á participación nas actividades complementarias e extraescolares e fomentar a responsabilidade e o protagonismo no proceso de maduración e aprendizaxe
- n) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, de a haber, na lingua cooficial da comunidade autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- o) Traballar no hábito lector, na claridade e corrección na elaboración de materiais e na competencia plena nas dúas linguas cooficiais
- p) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- q) Mellorar a capacidade de acceso á información en linguas estranxeiras
- r) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- s) Respectar e coñecer o patrimonio local, nacional e mundial e contribuír á súa conservación
- t) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- u) Traballar nun desenvolvemento integral da saúde das persoas dende o deporte, a nutrición e as relacións persoais
- v) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- w) Valorar as expresións artísticas como unha mensaxe no seu contexto histórico pero cunha transcendencia ata o mundo actual

2.1.2. Bacharelato

O bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde dunha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

- b) Fomentar o interese por ter unha conciencia crítica
- c) Consolidar unha madurez persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.
- d) Usar a mediación e o diálogo como vía para a resolución de conflitos de modo que haxa un bo clima de traballo e convivencia
- e) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e ensinanza do papel das mulleres na historia e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social
- f) Traballar na visibilidade dos diferentes colectivos
- g) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- h) Impulsar o hábito lector e a responsabilidade persoal no proceso de aprendizaxe
- i) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e, de ser o caso, a lingua cooficial da súa comunidade autónoma.
- j) Valorar a claridade e corrección na elaboración de materiais escritos e producións orais e traballar para acadar a competencia plena nas dúas linguas cooficiais
- k) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- l) Mellorar a capacidade de acceso á información en linguas estranxeiras e a fluidez na expresión propia
- m) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
- n) Usar as tecnoloxías dixitais dentro das aulas, na aula virtual e nas actividades complementarias e extraescolares
- o) hCoñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu ámbito social.
- p) Buscar unha explicación global da realidade respectando e comprendendo a súa orixe e fomentar unha actitude crítica con ela
- q) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

- r) Usar metodoloxías que consigan a aprendizaxe significativa das materias que o alumnado cursa
- s) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.
- t) Fomentar o espírito crítico e comprender a dimensión utilitarista da ciencia e as consecuencias que comporta
- u) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- v) Animar á participación nas actividades complementarias e extraescolares e fomentar a responsabilidade e o protagonismo no proceso de maduración e aprendizaxe
- w) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- x) Valorar as expresións artísticas como unha mensaxe no seu contexto histórico pero cunha transcendencia ata o mundo actual
- y) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.
- z) Traballar nun desenvolvemento integral da saúde das persoas dende o deporte, a nutrición e as relacións persoais
- aa) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.
- ab) Fomentar un espírito crítico
- ac) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.
- ad) Fomentar un espírito crítico

2.2. DECISIÓNS XERAIS SOBRE METODOLOXÍA

O obxectivo final é acadar que o noso alumnado finalice o ensino obrigatorio, e o postobrigatorio de ser o caso, e consiga a súa realización persoal, a súa inclusión social, exercer a cidadanía activa, facer fronte á vida adulta e desenvolver a aprendizaxe permanente.

A través das áreas curriculares dos distintos niveis/etapas adquiriranse as competencias básicas e serán favorecidas polas medidas organizativas, de funcionamento e xestión do centro.

Ademais de mediante a contribución que cada materia faga a través do seu currículo e tamén se tomarán medidas non curriculares relacionadas coa organización e funcionamento do centro, o

plan de acción tutorial, o plan de convivencia, a planificación das actividades extraescolares e complementarias, a relación coas familias, etc... Neste sentido a participación nos plans da Consellería como Plambe, Club de Lectura, Proxectas diversos, Arco... será considerada un factor esencial.

A metodoloxía adaptarase ás características do alumnado, favorecendo as súas capacidades de aprendizaxe por si mesmos e de traballo en equipo, e iniciaraos no coñecemento da realidade. A través dunha metodoloxía activa, o alumnado será o protagonista das súas propias aprendizaxes.

Consideramos necesario manter unha liña metodolóxica o suficientemente flexible para adaptarse á diversidade do alumnado e do profesorado e ás necesidades do centro, pero serán eixes principais desta: a participación activa do alumnado, o desenvolvemento da responsabilidade e o espírito crítico, a integración das TIC, o traballo nas titorías, e o apoio ó alumnado con NEE e NEAE.

2.3. CONTRIBUCIÓN DAS DISTINTAS ETAPAS ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS

Defínese a competencia clave ou básica como a capacidade de responder ás demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas da forma adecuada. Supón unha combinación das habilidades prácticas, coñecementos, motivacións, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais que actúen conxuntamente para o logro dunha acción eficaz.

As competencias claves son aquelas nas que se sustentan a realización persoal, a inclusión social, a cidadanía activa e o emprego.

No noso sistema educativo considérase que as sete competencias clave que debe ter o alumno cando finaliza a súa escolaridade obrigatoria para enfrontarse aos retos da súa vida persoal e laboral son as seguintes:

- a) Competencia en comunicación lingüística: Refírese á habilidade para utilizar a lingua, expresar ideas e interactuar con outras persoas de maneira oral ou escrita.
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: A primeira alude ás capacidades para aplicar o razoamento matemático para resolver cuestións da vida cotiá. A competencia en ciencia céntrase nas habilidades para utilizar os coñecementos e metodoloxía científicos para explicar a realidade que nos rodea e a competencia tecnolóxica, en como aplicar estes coñecementos e métodos para dar resposta aos desexos e necesidades humanos.
- c) Competencia dixital: Implica o uso seguro e crítico das Tecnoloxías da Información e Comunicación para obter, analizar, producir e intercambiar información.
- d) Aprender a aprender: É unha das principais competencias, xa que implica que o alumno pode desenvolver a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nela, organizar as súas tarefas e tempo, e traballar de maneira individual ou colaborativa para conseguir un obxectivo.

- e) Competencias sociais e cívicas: Fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de maneira activa, participativa e democrática na vida social e cívica.
- f) Sentido da iniciativa e espírito emprendedor: Implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos.
- g) Conciencia e expresións culturais: Fai referencia á capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música, as artes plásticas e escénicas ou a literatura.
- h) O Bacharelato, que forma parte da educación secundaria na fase postobrigatoria, debe ser unha etapa de consolidación das competencias adquiridas na Ensinanza Secundaria Obrigatoria.
- i) Todas as competencias citadas anteriormente teñen as seguintes características:
 - Proporcionan a capacidade de saber facer, é dicir, de aplicar os coñecementos a os problemas da vida profesional e persoal.
 - Son susceptibles de axeitarse a unha diversidade de contextos.
 - Teñen un carácter integrador, agrupando os coñecementos, os procedementos e as actitudes.
 - Permiten integrar e relacionar os aprendizaxes cos distintos tipos de contidos, utilízalos de maneira efectiva e aplicalos en diferentes situacións e contextos.
 - Deben ser aprendidas, renovadas e mantidas ao longo de toda a vida.

Polo tanto, desde o noso centro debemos contribuír a:

- Adaptar o proceso da ensinanza-aprendizaxe á sociedade actual, en continuo cambio.
- Transformar o concepto tradicional da ensinanza baseado na adquisición de coñecementos nun concepto moderno de aprendizaxe baseado na capacidade de resolver situacións ao longo da vida.

O alumnado adquirirá estas competencias mediante a contribución que cada materia faga a través das súas programacións didácticas, e tamén se tomarán medidas non curriculares que redunden nelas relacionadas coa organización e funcionamento do centro, o plan de acción tutorial, o plan de convivencia, a planificación das actividades extraescolares e complementarias, a relación coas familias, etc...

2.4. CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN

2.4.1. ESO

2.4.1.1. AVALIACIÓN

Ao comezo de cada curso, o profesorado que imparta docencia no grupo realizará unha avaliación inicial, incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado en cada unha das materias e o grao de desenvolvemento das competencias básicas.

Nesta avaliación inicial informarase ó profesorado dos seguintes datos: currículo académico, problemas de aprendizaxe e outros aspectos que se consideren relevantes.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

As sesións de avaliación serán coordinadas pola persoa titora do grupo e nelas participará todo o profesorado que imparte docencia nel e un membro do equipo directivo e o xefe do departamento de orientación. Nelas valoraranse as aprendizaxes acadadas por cada alumna e cada alumno e, se é o caso, as medidas adoptadas ou que se deban adoptar orientadas á mellora do seu proceso de aprendizaxe.

Faranse tres xuntas de avaliación durante o curso e unha final. As cualificacións da final serán as definitivas. Nesta última avaliación é a propia xunta de avaliación a que terá poder decisorio sobre a promoción do alumnado.

Nas sesións de avaliación a persoa titora entregará unha fotocopia da acta de avaliación a cada membro da xunta de avaliación nas que irán reflectidas as notas de cada alumna ou alumno. De non ser isto posible, poderase substituír por unha proxección destas en pantalla.

Os membros da xunta de avaliación actuarán de xeito colexiado ao longo do proceso de avaliación e na adopción das decisións resultantes deste proceso. As decisións da xunta serán tomadas, preferiblemente, por unanimidade. De non ser posible, por maioría, sen que sexa posible absterse. Só poderán votar as profesoras e profesores que imparten clase á alumna ou alumno que se trate en cada caso, tendo cada un un voto.

2.4.1.2. PROMOCIÓN

Ao remate de cada un dos cursos e como resultado do proceso de avaliación, o equipo de profesoras e profesores que imparten docencia en cada grupo, na sesión final de avaliación, decidirá sobre a promoción do alumnado.

O alumnado pasará ao curso seguinte cando non teña máis de dous materias suspensas (computándose tamén as pendentas).

Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou un alumno con avaliación negativa en máis materias, sempre que teña unha media nese curso superior a 5 e

se considere que a natureza das dificultades non lle impedirá seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a dita promoción beneficiará a súa evolución académica.

2.4.1.3. TITULACIÓN

O alumnado que ao terminar a educación secundaria obrigatoria superase todas as materias e alcanzase as competencias básicas e os obxectivos da etapa obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Tamén o que teña avaliación negativa nunha ou en dúas materias sempre que non houbese abandono dalgunha delas (non se produciu unha inasistencia continuada e non debidamente xustificada e o alumno/a presentouse as probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación).

Tamén poderá obter o dito título aquel alumnado que finalizando a etapa a media aritmética dese curso fose superior a 5, e o equipo docente considere que acadou as competencias e os obxectivos da etapa.

2.4.1.4. ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

Cada departamento elaborará un programa de reforzo para o alumnado promovido con materias non superadas.

Na primeira, segunda e terceira avaliacións reflectirase o progreso do alumnado, de existir, no programa de reforzo.

O alumnado con materias pendentes ten dereito a unha proba global en maio de non ter ido superando a materia co programa de reforzo.

2.4.1.5. ALUMNADO REPETIDOR

Para alumnado que repita curso os departamentos didácticos elaborarán un plan de recuperación das aprendizaxes non adquiridas.

2.4.2. BACHARELATO

2.4.2.1. AVALIACIÓN

Faranse polo menos tres xuntas de avaliación durante o curso e unha extraordinaria para o alumnado que non superase todas as materias na avaliación ordinaria. Na última poderán facerse á vez a terceira e a final (a terceira reflectirá os resultados do terceiro trimestre e a final a avaliación global do curso segundo teña estipulado cada departamento), e as cualificacións da final serán as definitivas.

As sesións de avaliación serán coordinadas pola persoa titora do grupo e nelas participará todo o profesorado que imparte docencia nel e un membro do equipo directivo e o xefe do departamento de orientación. Nelas valoraranse as aprendizaxes acadadas por cada alumna e cada alumno e, se é o caso, as medidas adoptadas ou que se deban adoptar orientadas á mellora do seu proceso de aprendizaxe.

Nas sesións de avaliación a persoa titora entregará unha fotocopia da acta de avaliación a cada membro da xunta de avaliación nas que irán reflectidas as notas de cada alumna ou alumno. De non ser isto posible, poderase substituír por unha proxección destas en pantalla.

Os membros da xunta de avaliación actuarán de xeito colexiado ao longo do proceso de avaliación e na adopción das decisións resultantes deste proceso. As decisións da xunta serán tomadas, preferiblemente, por unanimidade. De non ser posible, por maioría, sen que sexa posible absterse. Só poderán votar as profesoras e profesores que imparten clase á alumna ou alumno que se trate en cada caso, tendo cada un un voto.

2.4.2.2. PROMOCIÓN

O alumnado que curse primeiro de bacharelato pasará a segundo curso cando supere os obxectivos de todas as materias cursadas ou teña avaliación negativa en dúas como máximo, e repetirá curso cando teña avaliación negativa en tres ou máis materias.

O alumnado poderá permanecer cursando o bacharelato no réxime ordinario, con carácter xeral, un máximo de catro anos, consecutivos ou non.

O alumnado que, ao finalizar o segundo curso, teña avaliación negativa nalgunha materia, poderá matricularse destas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas.

O alumnado que estea nas circunstancias do punto anterior, poderá solicitarlle á dirección do centro educativo a asistencia ás clases das materias xa superadas de segundo curso, sen ter que ser avaliado nestas, e deberá cumprir coas mesmas obrigas que o resto do alumnado do grupo.

2.4.2.3. TITULACIÓN

Para obter o título de bacharel será necesario ter avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos da etapa.

Tamén, poderá obter o dito título aquel alumnado que finalice a etapa con avaliación negativa nunha materia sempre que non houbese abandono dela (non se produciu unha inasistencia continuada e non debidamente xustificada e o alumno/a presentouse as probas -tamén as extraordinarias- e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación), a media aritmética dese curso fose superior a 5, e o equipo docente considere que acadou as competencias e os obxectivos do título.

2.4.2.4. ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

O alumnado que conseguise a promoción ao segundo curso con materias avaliadas negativamente en primeiro de Bacharelato deberá cursalas ao longo do curso. Os departamentos didácticos organizarán as actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

O alumnado con materias pendentes ten dereito a unha proba global en maio de non ter ido superando a materia ó longo do curso.

2.5. TRATAMENTO DOS VALORES TRANSVERSAIS E EDUCACIÓN EN VALORES

Tal como se recolle neste proxecto educativo nos obxectivos xerais do centro, o obxectivo fundamental é o exercicio da educación entendida como un proceso de maduración humana, que estimule o interese polo estudio e o espírito de superación, e que fomente a integración social e a realización individual, tanto intelectualmente como laboral dos/as alumnos/as. Polo tanto debemos educar na responsabilidade e entender a dignidade humana como un valor guía que permita elaborar un modelo de vida que facilite niveis de felicidade persoal e o exercicio dunha cidadanía comprometida.

O noso alumnado debe ser capaz de ser responsable nas súas tarefas diarias e obter unha autodisciplina. Tamén é básico que os/as alumnos/as aprendan a ser conscientes da importancia de ter coidado do corpo e das repercusións negativas que ten para a vida diaria a despreocupación da propia saúde. É importante tamén que o alumnado teña moi presente o concepto de civismo, a importancia de cumprir as normas sociais, e que o apliquen no seu día a día, xa sexa na relación con outras persoas ou no respecto que lle deben ter ao medio ambiente, de xeito que participen na sociedade tratando de melloralas.

Outro aspecto a destacar é o do respecto, e polo tanto os/as nosos/as alumnos/as deben respectarse a si mesmos e aos demais, xa que deste xeito eles mesmos tamén serán respectados. Deben ter moi claro que as diferenzas entre persoas deben ser sempre respectadas, xa que ofrecen múltiples ensinanzas e axudan á formación das persoas. Por último, debe destacarse a importancia de saber situarse no lugar das outras persoas. Se o alumnado é capaz de conseguir entender as emocións dos demais e de conseguir aprender a reprimir as súas propias reaccións negativas, será tamén capaz de manter unha boa convivencia, a cal axudará a que a vida diaria sexa máis fácil.

Tomando como base os valores xerais expostos anteriormente, os diferentes departamentos didácticos, a través das materias, ámbitos e módulos, debemos transmitirlos traballando co noso alumnado para que os aplique na súa vida diaria. Entre outros, poderían destacarse os seguintes:

- a) Aprender a ser responsable. Explicar as responsabilidades que debe aprender a adquirir o alumnado para poder formarse máis axeitadamente como persoas:
 - Responsabilidade cun mesmo
 - Responsabilidade coas tarefas que debe desenvolver
 - Responsabilidade no consumo
 - Responsabilidade coa sociedade
- b) Aprender a ser respectuoso. Achegar información, reflexión e debate acerca dos catro ámbitos nos que debemos aplicar o respecto se queremos conseguir unha convivencia equilibrada:
 - Aprender a ser respectuoso cun mesmo

- Aprender a ser respectuoso cos demais
 - Aprender a ser respectuoso co contorno
 - Aprender a ser respectuoso coa diferenza
- c) Aprender a ser empático. Explicar a necesidade de ser capaces de entender aos demais, de poñernos no seu lugar, para así , fortalecer as relacións humanas, fomentar a comunicación entre as persoas e mellorar a sociedade. Poderían tratarse os seguintes temas:
- Sensibilidade cos demais
 - Solidariedade e cooperación
 - A amizade
 - O civismo
- d) Aprender a autorregularse. Cómpre explicar a importancia do autocoñecemento. Se o alumnado se coñece a si mesmo será capaz de controlar os seus impulsos negativos e poderá afrontar as contrariedades cunha actitude máis positiva. Os puntos que se poden traballar serían:
- Autocoñecemento
 - Autocontrol das emocións
 - Aceptación das normas
 - Alegría e optimismo

2.6. LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

2.6.1. Aspectos xerais

- a) A atención á diversidade abrangue a totalidade do alumnado, e polo tanto as decisión pedagóxicas, organizativas e de xestión do instituto deben responder ás necesidades e características persoais do alumnado.
- b) Na resposta educativa á diversidade daránselle prioridade ás medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.
- c) O Departamento de Orientación colaborará e asesorará no desenvolvemento das diferentes medidas de atención á diversidade.
- d) Para concretar as posibles actuacións e medidas de atención á diversidade establecerase o Plan xeral de atención á diversidade, que formará parte do Proxecto Educativo de Centro. Por outra parte, as programación docentes incluírán un apartado no que consten as “Medidas de atención á diversidade”.

2.6.2. Actuacións

O procedemento que se seguirá para pór en marcha as diferentes medidas de atención á diversidade será o seguinte:

- a) Durante o curso anterior recadarase información sobre posibles necesidades detectadas nos grupos da ESO a través das reunións dos titores/as coa orientadora, e a esta información engadiranse os resultados das probas de avaliación inicial de comezos de curso e das diferentes sesións de avaliación.
- b) Aínda que en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten dificultades hai que establecer os apoios e reforzos oportunos, será na sesión de avaliación ordinaria onde se concreten as medidas de atención á diversidade, de cara ao próximo curso, de maneira que se garantice unha resposta axeitada ás necesidades detectadas do alumnado.
- c) Nesta reunión realizarase a selección do alumnado para cada medida e comezarse a informar ás familias.
- d) No mes de setembro, tendo en conta os recursos materiais e persoais cos que vai a dispor o centro, decidiranse as medidas de atención á diversidade de cara ao presente curso. A devandita proposta formará parte da programación xeral anual.
- e) Naqueles casos no que o alumnado se escolarice durante o curso, realizaráselle unha avaliación inicial por parte do equipo de profesorado. Se se detectan carencias graves no seu proceso de aprendizaxe, derivarase ao servizo de orientación para a realización dunha avaliación psicopedagóxica coa finalidade de identificar as necesidades educativas e poder establecer as medidas máis axeitadas.

2.6.3. Medidas ordinarias

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos, oferta de optativas) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado
- b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado
- c) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia
- d) Desdobramentos de grupos
- e) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria
- f) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas
- g) Programas de recuperación materias suspensas

2.6.4. Medidas extraordinarias

- a) Adaptacións curriculares

- b) Agrupamentos flexibles
- c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe
- d) Exención da segunda lingua estranxeira
- e) Programas de diversificación
- f) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo
- g) Flexibilización da duración do período de escolarización

2.7. ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS NAS MATERIAS DE CONTINUIDADE EN BACHARELATO

Os criterios para acreditar os coñecementos previos nas materias de continuidade en bacharelato serán elaborados por cada departamento e constarán na súa programación didáctica.

Como no caso do alumnado con materias suspensas de 1º de bacharelato esta acreditación poderá adoptar distintas formas (exames, traballos, comprobación na materia de segundo que se manexan os contidos de primeiro...) e aplicarase cando algún alumno/a cambie de modalidade ou se incorpore en segundo de bacharelato a este centro e a oferta que se lle presenta non garde continuidade exacta coa que fixo no centro anterior.

2.8. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA MATRÍCULA DE HONRA

2.8.1. ESO

O alumnado que, despois da avaliación ordinaria do mes de xuño do cuarto curso, obtivera unha nota media nese curso igual ou superior a 9, poderá obter a distinción de Matrícula de Honra (MH). Esta distinción concederáse a un número non superior ó enteiro máis próximo ó 5% do conxunto do alumnado matriculado no centro educativo no cuarto curso.

Se unha vez celebradas as sesións de avaliación final existe algún empate entre os alumnos e as alumnas que optan á cualificación de “Matrícula de Honra” e non se lles puidese outorgar devandita cualificación a todos eles, o profesorado de 4º de ESO decidirá o alumnado ao que se lle concede esta “Matrícula de Honra” segundo os seguintes criterios que se aplicarán seguindo esta xerarquía:

- a) Maior nota media no expediente de 4º de ESO
- b) Maior nota media en toda a etapa segundo sae no XADE
- c) Maior número de notas con “10” en 4º de ESO
- d) Maior número de notas con “10” en toda a ESO
- e) Maior colaboración nas actividades do centro, esforzo e superación persoal apreciado pola xunta de avaliación

2.8.2. Bacharelato

O alumnado que despois da avaliación final ordinaria de 2º de bacharelato obtivese nas cualificacións deste curso unha nota media igual ou superior a nove poderá obter a distinción de “Matrícula de Honra”. Esta distinción concederáse a un número non superior ó enteiro máis próximo ó 5% do conxunto do alumnado matriculado no centro educativo no segundo curso de bacharelato.

Se unha vez celebradas as sesións de avaliación final existe algún empate entre os alumnos e as alumnas que optan á cualificación de “Matrícula de Honra” e non se lles puidese outorgar devandita cualificación a todos eles, o profesorado de 2º de bacharelato decidirá o alumnado ao que se lle concede esta “Matrícula de Honra” segundo os seguintes criterios que se aplicarán seguindo esta xerarquía:

- a) Maior nota media en 2º de bacharelato. Para esta media as materias optativas que non sexan de modalidade computarán polo número de horas de clase axustadas de tal xeito que a nota total do conxunto destas materias conte como dúas materias de 4 horas.
- b) Maior nota media en toda a etapa segundo sae no XADE.
- c) Maior nota media en 2º de bacharelato sen ter en conta as materias optativas que non son de modalidade.
- d) Maior número de notas con “10” en 2º de bacharelato
- e) Maior número de notas con “10” en todo o bacharelato
- f) Maior colaboración nas actividades do centro, esforzo e superación persoal apreciado pola xunta de avaliación

2.9. ASPECTOS XERAIS DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

2.9.1. Elaboración

Os diferentes departamentos do IES deberán ter en conta os seguintes aspectos á hora da elaboración das distintas programacións didácticas:

- a) Cada un dos departamentos didácticos deberá elaborar a programación de cada unha das materias ou ámbitos que teña asignados.
- b) A xefatura de cada departamento deberá coordinar e responsabilizarse da redacción da programación didáctica das materias que se integran no seu departamento.
- c) As xefas e xefes de departamento entregarán as programacións ou modificacións das mesmas en formato electrónico na data proposta pola xefatura de estudos.
- d) A xefatura de estudos do centro comprobará que na programación de cada un dos departamentos figuran os apartados correspondentes. De faltar algún dos apartados deberá

instar ao departamento correspondente a completar a programación incluíndo os apartados dos que carece.

- e) Unha vez que a dirección teña no seu poder todas as programacións cumprimentadas correctamente deberá remitir unha copia ao servizo de inspección educativa en formato electrónico.
- f) As programacións serán posteriormente colgadas na páxina web para que estean a disposición de toda a comunidade educativa.

2.9.2. Elementos

As programacións didácticas de cada curso deberán constar dos seguintes apartados e, preferiblemente, nesta orde, inda que dada a natureza de cada materia pódense facer as adaptacións pertinentes:

1. Índice
2. Conceptos claves
3. Contexto
4. Temporalización
5. Estándares / Criterios de avaliación
 - Grao mínimo de consecución
 - Peso
 - Instrumentos de avaliación
 - Temas transversais
6. Metodoloxía didáctica
7. Avaliación
 - Inicial / continua / final / extraordinaria
 - Pendentes / avaliación de coñecementos previos en cambio de modalidade
 - Práctica docente / programación
8. Atención á diversidade
9. Actividades complementarias e extraescolares

2.10. PLANS

O IES de Quiroga conta cos seguintes plans:

- Proxecto lingüístico
- Proxecto lector

- Plan xeral de atención á diversidade
- Plan de orientación e acción tutorial
- Proxecto de educación dixital

(Ver anexos)

3. ORGANIZACIÓN

O IES de Quiroga conta cos seguintes documentos de organización:

- Plan de convivencia
- Plan de igualdade
- NOFC

(Ver anexos)

4. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DO CENTRO

4.1. Órganos de goberno

A participación do alumnado, profesorado, pais e nais, persoal da administración e servizos na xestión dos institutos de educación secundaria efectuarase de conformidade co establecido na lexislación vixente. O centro precisa dunha organización que posibilite o bo funcionamento e facilite a consecución dos obxectivos xerais e das prioridades de actuación anteriormente detallados.

4.1.1. Órganos unipersoais

O Equipo Directivo está composto por todos os órganos unipersoais de goberno, que exercerán as funcións que marca a lei e que serán os encargados de establecer a organización e o funcionamento do centro.

Os membros da comunidade educativa poderán solicitar do Equipo Directivo as actuacións que se crean necesarias para unha mellora do funcionamento do centro. O Equipo Directivo procurará, tamén con este fin, ter unha relación fluida cos órganos colexiados do centro.

Os organos unipersoais neste centro serán:

- Dirección
- Xefatura de Estudos
- Secretaría
- Vicedirección

4.1.2. Órganos colexiados

Os órganos colexiados cumprirán coas funcións que lles marca a lei e conformaranse de acordo con esta.

Procurarase que teñan unha relación fluída tanto co equipo directivo como con calquera membro da comunidade escolar ó que representen. Haberá un mínimo de reunións estipuladas en cada PXA, e ademais se reunirán cada vez que fose necesario.

Os órganos colexiados do centro serán:

- Consello Escolar

Cando o consello escolar do centro sexa reducido por ter menos de 8 unidades, as comisións do consello (nomeadamente as de Convivencia e Asuntos Económicos) estarán integradas por tódolos membros do consello.

- Claustro de profesorado

4.2. Organización do profesorado

Departamentos didácticos

Os departamentos didácticos son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver as ensinanzas propias das materias, ámbitos ou módulos profesionais correspondentes e as actividades que se lles encomenden dentro do ámbito das súas competencias.

Terán reunións, como mínimo, unha vez ó mes. Darán publicidade das programacións das súas materias. Poderán organizar e realizar actividades complementarias e extraescolares. O Xefe/a do Departamento será o encargado da avaliación do alumnado con materias pendentes, de resolver as reclamacións derivadas do proceso de avaliación que o alumnado formule ao departamento e elaborar os informes pertinentes e de elaborar, a final do curso, unha memoria na que se avalíe o desenvolvemento da programación didáctica, a práctica docente e os resultados obtidos.

Departamento de Orientación

Este departamento coordinará a orientación educativa e profesional do alumnado e o Plan de Acción Titorial. Reunirase periodicamente e, segundo as posibilidades do horario, cos titores e titoras e a Xefatura de Estudos para facer un seguimento do desenvolvemento integral do alumnado. Atenderá á diversidade do alumnado e, primordialmente, a aquel con necesidades educativas especiais.

Tanto o departamento como a persoa encargada da xefatura deste atenderán ás funcións que lle son encomendadas pola lei.

Titorías

Todo o profesorado contribuirá na titorización do alumnado pero, esta será liderada en cada grupo polo seu profesor titor, que, en colaboración co Departamento de Orientación e a Xefatura

de Estudos, será quen centralice e dinamice a titorización do grupo clase de acordo coas liñas xerais do PAT

Para a designación do profesorado titor terase en conta:

- Que imparta unha materia común a todo o alumnado do grupo.
- Que non exerza outra actividade de coordinación, se fose posible
- A conveniencia desa persoa liderando a titoría dese grupo
- O histórico das titorías que leva facendo

Tódolos profesores terán unha hora no seu horario para a atención as familias.

Os profesores que non sexan titores dun grupo clase colaborarán en diversas dinamizacións (biblioteca, convivencia, TIC...) que se establecerán na PXA

Comisión de Coordinación Pedagóxica

A Comisión de Coordinación Pedagóxica tratará tódolos aspectos que inflúan na docencia e poderá trasladar os acordos, para a súa aprobación, ao Consello Escolar e ao Claustro.

Terá reunións cunha periodicidade mensual polo menos e a asistencia será obrigatoria.

Xuntas de Avaliación

A Xunta de Avaliación está integrada polo conxunto do profesorado dos respectivos grupos coordinados polo/a titor/a. Nela estarán tamén o xefe/a do Departamento de Orientación, un membro do equipo directivo e os profesores de PT, AL e apoio que adiquen horas ó alumnado dese grupo.

Reuniranse polo menos 3 veces ó ano para cada grupo e nas primeiras semanas de outubro na ESO para unha avaliación inicial.

Sobre a promoción e titulación dun alumno/a concreto só terán voto os profesores que lle dean efectivamente clase e o seu voto valerá tanto como materias distintas lle imparta.

4.3. Organización do alumnado

Fomentarase a participación do alumnado no funcionamento do centro, fundamentalmente a través da Xunta de Delegados/as e dos seus representantes no Consello Escolar.

Delegados e Delegadas de grupo

Cada grupo de alumnado elixirá, por sufraxio directo, secreto e non delegable, nos primeiros días do curso escolar, un delegado ou delegada e un subdelegado ou subdelegada de grupo. A elección será preparada polo/a titor/a coa suficiente antelación dando a publicidade necesaria e fomentando a participación.

Poderá perderse a condición de delegado nos seguintes casos:

- Revogación por petición da maioría do grupo que realizou a elección, tras un informe detallado dirixido ao titor ou titora, que informará á Xefatura de Estudos.

- Destitución por parte da Dirección do centro a petición da Xefatura de Estudos por incumprimento reiterado das funcións encomendadas ou por comisión de condutas contrarias ás normas de convivencia do centro.

Nestes casos realizarase unha nova elección de delegado/a ou subdelegado/a nun prazo de 15 días.

Xunta de Delegados e Delegadas

Organización e funcionamento A Xunta de Delegados e Delegadas constituírse mediante convocatoria da Xefatura de Estudos no mes de outubro e, na primeira sesión, elixírase por sufraxio secreto, en primeiro lugar, un presidente ou presidenta e logo un secretario ou secretaria entre os delegados e delegadas dos distintos grupos. En caso de empate nas votacións, atenderase aos criterios preferentes de:

- Maior antigüidade no centro
- Maior idade

Fomentarase a colaboración da Xunta de Delegados e Delegadas cos outros órganos de goberno do centro para que os alumnos teñan unha canle adecuada para expresar as súas ideas e puntos de vista.

A Xunta de Delegados e Delegadas poderá exercer as funcións que a lei lles recoñece.

Representantes no Consello Escolar

Os alumnos escollerán ós seus representantes no Consello Escolar segundo o que a lei determine.

Estes representantes xunto coa Xunta de Delegados e Delegadas serán o instrumento mediante o que o alumnado canalice a súa comunicación cos órganos de goberno e os outros sectores educativos do centro.

Asociacións de alumnado

Poderá haber asociacións de alumnado conforme o regulado pola lexislación vixente e para os fins que esta estableza.

4.4. Comisións mixtas

Comisións de Asuntos Económicos e de Convivencia

As comisións de Asuntos Económicos e de Convivencia constituiranse no Consello Escolar de acordo coas disposicións vixentes e terán as funcións que estas lles outorgan. No caso de que o Consello Escolar sexa reducido por ter ese ano menos de 8 unidades en funcionamento será todo o Consello Escolar quen forme parte destas comisións.

Equipo de Dinamización da Lingua Galega

Haberá un Equipo de Dinamización da Lingua Galega para potenciar o uso da lingua galega no centro, nomeado e supervisado pola Dirección do centro e formado polo seu coordinador/a, por profesorado, por representantes do alumnado e por persoal non docente.

Este equipo fará unha programación de actividades a levar a cabo no principio de curso e realizará unha memoria das feitas ó final del. Para a realización destas actividades se promoverá a colaboración cos distintos departamentos, a dinamización da biblioteca, das TIC e os Proxecta e outros programas que se estivesen levando a cabo ese curso.

4.5. Organización do persoal non docente

O persoal non docente ten nos centros educativos un papel importante e desenvolve unha serie de funcións vitais para o seu funcionamento. Fomentarase a participación deste sector do persoal na vida e organización do centro e garantirase que poida desenvolver o seu labor nas debidas condicións de seguridade, de acordo coa normativa de prevención de riscos laborais e do cumprimento da demais normativa aplicable ao desenvolvemento das súas funcións e tarefas. O persoal subalterno, o persoal administrativo e o persoal de limpeza depende do Director do centro, e, por delegación, do Secretario/a. Cumprirán o estipulado na Lei da Función Pública Galega e no resto da normativa, así como nos convenios aplicables en cada caso e nas NOF do centro.

4.5.1. Funcións do persoal subalterno

Ademais dos deberes comúns a todo o persoal non docente, deberán:

- a) Custodiar o mobiliario, máquinas, instalacións e locais.
- b) Controlar a entrada de persoas alleas ao centro, atender as súas peticións e indicarlles o lugar ao que deben dirixirse.
- c) Custodiar as chaves dos despachos, oficinas e locais.
- d) Recibir, conservar e distribuír os documentos, obxectos e correspondencia que para tales efectos lle sexan encomendados.
- e) Realizar, dentro das dependencias, os traslados de material, mobiliario e enseres que fosen necesarios.
- f) Realizar os encargos relacionados co centro que se lles encomenden, dentro ou fóra do edificio.
- g) Manexar máquinas reprodutoras, multicopistas, fotocopiadoras, encadernadoras e outras análogas e toma de recados e avisos telefónicos.
- h) Colaborar na atención e coidado do alumnado.

- i) Os que dispoñan de vivenda na mesma dependencia na que se encontren destinados terán, ademais, ao seu cargo, tarefas como a apertura e peche do Centro, vixilancia do local etc., debendo en todo caso ter un descanso ininterrompido de doce horas entre unha xornada laboral e a seguinte.
- j) En xeral, calquera outra tarefa de carácter análogo que por razón do servizo se lles encomende.
- k) Controlar os puntos de acceso ao centro ou dependencias deste. l) Acender e apagar o alumado e a calefacción.
- l) Abrir e pechar os accesos ao centro e as súas dependencias, cando llo indique a Dirección.
- m) Facer chegar ao profesorado os recados, avisos ou chamadas telefónicas dirixidos a eles, coa maior dilixencia posible.
- n) Atender ao profesorado no subministro de material de clase e recoller as mercadorías que se reciban.
- o) Atender correctamente ás persoas alleas ao centro e orientalas en relación co motivo da súa visita.

4.5.2. Funcións do persoal de limpeza

Ademais dos deberes comúns a todo o persoal non docente, deberán:

- a) Limpeza xeral de todas as dependencias do centro, incluíndo o chan, portas, ventás, paredes etc., en datas anteriores ao comezo das clases.
- b) Limpeza diaria do chan, mobiliario, aseos, baleirado de papeleiras etc
- c) Realizar o seu traballo correctamente e conforme llo indique o/a Secretario/a.
- d) Informar do deterioro do material e do estado de orde e limpeza no que se atopen as aulas e demais dependencias do centro.

4.5.3. Funcións do persoal administrativo

Ademais dos deberes comúns a todo o persoal non docente, deberán:

- a) Realizar as tarefas propias do seu nivel e referentes ao centro que lle sexan encomendadas polo/a Director/a e o/a Secretario/a.
- b) Atender debidamente ás persoas do centro ou alleas a el que soliciten algunha información.

4.6. Asociacións de nais e pais do alumnado

Poderá haber asociacións de nais e pais conforme o regulado pola lexislación vixente e para os fins que esta estableza.

Aprobado en maio de 2022